

Crear en feminino

Descrición

A muller, no contexto do mundo actual, está sufrindo a non igualdade de oportunidades en canto a educación, formación, emprego, á participación en ámbitos políticos e económicos así como na participación en órganos de decisión.

A participación social e laboral da muller é un requisito imprescindible para avanzar n desenvolvemento económico endóxico e sostible, para elo é precisa unha intervención sobre esta poboación feminina.

Este proxecto está dirixido a fomentar a creación de empresas por parte de mulleres como ponte para alcanzar a igualdade de oportunidades en tódolos ámbitos, tanto sociais como económicos

Obxectivos

- Fomentar a creación de empresas por mulleres.
- Facilitar e incrementar a formación das mulleres que facilite a súa incorporación no proceso de desenvolvemento económico.
- Detectar as oportunidades de negocio no territorio, susceptibles de ser desenvoltas e aproveitadas por emprendedoras.
- Dotar ás emprendedoras dunha ferramenta que lles axude a poñer en marcha o seus proxectos, formando en xestión empresarial.
- Difundir a cultura emprendedora entre as mulleres e sensibilizalas cara o autoemprego.

Metodoloxía:

Metodoloxía para a realización do estudo: Técnicas cualitativas e cuantitativas para a recollida de información primaria, consulta de fontes secundarias e diferentes técnicas de análise como DAFO, CAME, o ZOPP.

Metodoloxía no deseño das accións formativas: Contidos teóricos, fichas de traballo, exemplos e casos.

Metodoloxía para impartir a formación: Exposición do profesor, o método do exemplo, a reflexión e traballo conxunto e as reflexións individuais.

Metodoloxía no asesoramento: realizarase de forma personalizada e eminentemente práctica.

Metodoloxía na difusión do programa: Análise para coñecer o mellor xeito de fomentar a creación de empresas entre o público obxectivo, elaboración dun documento para entregar ás participantes e se realizarán charlas informativas nos foros máis adecuados.

Contidos

- Introducción:
- Fase 1. Análise das oportunidades de negocio:
 - Diagnóstico do territorio.
 - Diagnóstico do público obxectivo.
 - Diagnóstico da poboación do territorio de análise.
 - Diagnóstico económico – sectorial.
 - Conclusións.
- Fase 2. Elaboración das guías de actividade empresarial con potencial endógeno
 - Descrición da actividade.
 - Análise do mercado
 - Área de empresa.
 - Peculiaridades da actividade
 - Recomendacións
- Fase 3. Elaboración das ferramentas de apoio.
 - Guías formas xurídicas.
 - Guía sobre trámites de contratación laboral e tipos de contratos.
 - Guía de trámites para a posta en marcha.
 - Aplicación informática para a elaboración do plan de empresa.
- Fase 4. Sensibilización:
 - Sensibilización da poboación.
 - Xornadas de traballo con técnicos operantes no territorio.
 - Captación e implicación de participantes e axentes.
- Fase 5. Formación e asesoramento:
 - Obradoiro de oportunidades de negocio.
 - Curso de xestión empresarial.
- Fase 6. Difusión